

MEDIO RURAL, A TRAVÉS DE AGADER, CAPITANEA UN PROXECTO TRANSFRONTEIRIZO PARA O FOMENTO DAS RUTAS DO VIÑO NAS D.O.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural acolleu unha xuntanza de traballo para impulsar esta iniciativa, que se enmarca na cooperación Galicia-Norte de Portugal e que suporá ata setembro un investimento de 1,4 millóns de euros.

Santiago, 3 de febreiro de 2010.- O director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), Antonio Crespo Iglesias, e a directora xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais da Consellería do Medio Rural, Alejandra Álvarez de Mon-Rego, xunto con persoal técnico dos seus respectivos departamentos, mantiveron hoxe unha reunión de traballo con representantes de consellos reguladores das denominacións de orixe vitivinícolas de Galicia, así como con autoridades vinculadas á creación e funcionamento do turismo relacionado co viño na nosa Comunidade Autónoma, no marco do proxecto de cooperación transfronteiriza España-Portugal denominado "Rutas do Viño da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal".

Esta iniciativa transnacional suporá un investimento de 1,4 millóns de euros ata finais de setembro deste ano 2010, e entre as accións previstas está a constitución e/ou consolidación de estruturas estables de cooperación para a xestión de rutas do viño en cada un dos territorios das denominacións; a sensibilización dos axentes implicados na súa creación e posta en marcha, a sinalización e equipamento dos itinerarios e rutas ou a promoción nacional e internacional das mesmas. Asociados ao proxecto tópanse tanto Agader (en calidade de xefe de fila) como a Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia (Turgalicia); o Concello ourensán de Ribadavia e a portuguesa Comissão de Viticultura da Região dos Vinhos Verdes. Con esta iniciativa procúrase un incremento do número de enoturistas e, en definitiva, a diversificación do medio rural da Eurorrexión a través dunha oferta turística de calidade vinculada ao viño.

Liñas de acción

A xuntanza serviu tanto para presentar as liñas de acción e as actuacións en marcha –na actualidade se está a desenvolver o proceso de selección do persoal de Agader que traballará en cada unha das rutas durante a vixencia do proxecto– como para por en común as inxerencias, expectativas, ideas e prioridades do sector implicado e para dar un pulo definitivo ao proxecto, que ten como obxectivo final a constitución e promoción dunha ruta enoturística en cada denominación de orixe, como instrumento para desenvolver esta oferta de ocio e mellorar a competitividade da industria vitivinícola, así como para valorizar a identidade cultural da Eurorrexión. Con este fin, porase en valor todo un conxunto de recursos naturais e patrimoniais daqueles territorios estreitamente ligados ao viño.

Na xuntanza de hoxe púxose de manifesto a necesidade de sumar esforzos dende todos os ámbitos, de coordinar as actuacións a levar a cabo no marco do proxecto, de manter a ambición nos obxectivos inicialmente propostos, de implicar a todos os axentes privados e públicos capaces de xerar atractivo para as rutas, e, sobre todo, de evitar un enfoque só a curto prazo e ter en conta a diferente situación de partida das rutas en cada territorio.